A PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA SOLIDARÍZASE E APOIA A FOLGA XERAL DO 11 DE NOVEMBRO CONVOCADA POLOS SINDICATOS EN TODA GALICIA.

Chamamos á FOLGA XERAL NO 11 DE NOVEMBRO en defensa da Sanidade Pública, polos servizos públicos, polo dereito a vivenda e unhas condicións de traballo e de vida dignas. Facemos un chamamento ao conxunto de traballadores e traballadoras da sanidade pública galega, así como á cidadanía, para secundala e participar nas mobilizacións convocadas. A defensa do Sistema Sanitario público, debe ocupar un lugar salientable nesta mobilización.

Temos moitos motivos para secundar a Folga Xeral: Conseguir unha cita en Atención Primaria segue sendo un problema para moitas persoas, as esperas para unha consulta hospitalaria ou unha intervención cirúrxica prolónganse moito tempo, mentres os profesionais da Sanidade Pública traballan baixo unha presión que termina afectando á atención.

Non podemos aceptar o deterioro do Sistema Sanitario Público Galego sabendo que as competencias sanitarias son exclusivas da Xunta de Galicia.

Consideramos que unha das causas fundamentais do deterioro da saúde e da calidade de vida das persoas é:

- Non dispoñer dunha vivenda digna a prezos asumibles.
- A existencia de barreiras de acceso a asistencia sanitaria.
- deterioro dos servizos públicos.
- A precariedade de moitos traballos que apenas permiten saír da pobreza.
- encarecemento da vida e o medre imparable dos prezos.

Por iso apoiamos as reivindicacións desta folga de acceder a unha vivenda alcanzable, uns salarios dignos, unhas pensións acordes e uns servizos públicos de calidade.

A Sanidade Pública Galega está a sufrir un grave deterioro pola política de recortes, privatizacións e a falta de investimento sanitario da Xunta que ademais deriva unha gran parte do diñeiro público ás empresas privadas. Seguir aumentando os concertos privados mentres se manteñen as carencias dos centros públicos é unha decisión política inaceptable e que debe cambiar, o mesmo que permitir e alentar a dobre dedicación á pública e a privada do persoal facultativo.

As propostas da dereita e a ultradereita supoñen unha ameaza para o Estado do Benestar xa que rebaixar impostos a quen máis ten resta recursos para financiar os servizos públicos, mentres a privatización abre negocio a costa de dereitos e saúde. Na sanidade coñécense as consecuencias: ***privatizar mata***. Por outro lado culpar

á poboación migrante da saturación dos centros é unha mentira que só serve para enfrontar a quen necesita atención e desviar o foco de quen decide os orzamentos.

Desde a Plataforma SOS Sanidade Pública exiximos na Folga Xeral do 11 de novembro:

- Reforzamento dos centros sanitarios públicos con profesionais e medios (principal causa do colapso e desmantelamento)
- Un incremento dos orzamentos sanitarios que respondan ás necesidades da poboación.
- Unhas condicións laborais dignas que permitan atender con calidade aos cidadáns, sen depender continuamente do sobreesforzo de quen traballa neles. A falta de persoal non pode seguir cubríndose a costa da súa saúde.

Concretamos esta reclamacións nos seguintes puntos:

- Un financiamento suficiente e finalista para a Sanidade Pública, cun reforzo urxente da Atención Primaria.
- Acabar coas listas de agarda utilizando a totalidade dos recursos públicos.
- Fortalecer a Saúde Mental, a Saúde Pública e a Saúde Laboral.
- Impedir que as mutuas Laborais en mans da patronal controlen as baixas laborais.
- Ampliar o persoal dos centros sanitarios públicos e acabar coa precariedade laboral.
- Incorporar novas categorías profesionais aos Equipos de Atención Primaria para garantir unha atención de saúde integral.
- Frear as privatizacións e recuperar para a pública os servizos privatizados.
- Desenvolver os mecanismos de participación cidadá (Consello de Saúde de Galicia e Consellos de Saúde de Área Sanitaria) para a toma de decisións do Sistema Sanitario.

Por todo isto, chamamos a tódolos/as traballadores/as da sanidade e de todos os demais sectores a participar na folga do 11 de novembro e a poboación a sumarse ás mobilizacións.

A Sanidade Pública necesita unha resposta social que obrigue aos gobernos Central e Autonómico a asumir as súas responsabilidades.

SOS sanidade pública